

Estimadas familias:

Ante a que consideramos confusa información que certos titulares de medios de comunicación, e incluso noticias enteiras, están ofrecendo como explicación e relato dos feitos que están desencadeando o atropelado inicio de curso que estamos a vivir, a directiva do IES Beade quere manifestar:

1. A mediados do mes de xullo os centros educativos recibimos as instrucións que rexerán a normativa para afrontar o comezo do curso 20/21. Os seus 2 grandes puntos eran a NON necesidade de máscara por parte do alumnado e a acomodación do aforo das aulas a que os/as rapaces/zas estean separados a 1 m. de distancia. Durante o verán a planificación do equipo directivo dedicouse á xestión de espazos no instituto para axeitarse a tal circunstancia.
2. O 31/8/20, co equipo directivo, activo xa dende días antes, a administración modifica as anteriores instrucións para comunicar que o alumnado deberá levar máscara na aula e que a distancia de seguridade increméntase a 1,5 m. A Consellería establece que se o alumnado non cabe nas aulas sexan adoptadas medidas como:
  - desdoblamento de grupos.
  - habilitación de aulas de maior superficie como as de Música, Plástica, Laboratorios etc... (desestimándose o emprego do ximnasio).

Inmediatamente, a dirección do instituto dispónse a readaptar o aforo das aulas á nova normativa (máis restritiva) o cal obriga a crear un 5º grupo en 2º ESO que nos conduce a ter que solicitar, vía Inspección Educativa, 2 profesores/as que cubran dita necesidade de carga horaria.

Doutra banda, esas últimas instrucións fixan unha presentación do ano académico gradual cun reparto de días e cursos predeterminado para as distintas etapas educativas e modalidades de ensino para o 16, 17 e 18 de setembro.

3. A día 10 de setembro, en plena elaboración de horarios, e pasadas as 17:30 h. recíbese no email do IES Beade unha mensaxe da nosa inspectora na que se nos transmiten as seguintes decisións da consellería:
  - Dáse por suposto que estamos informados da posibilidade de que se imparta docencia semipresencial nos tramos educativos de Bacharelato e FP (circunstancia da que en ningún momento recibimos comunicación por vías institucionais).
  - Dáse igualmente por suposto que coñecemos a posibilidade de que se empreguen *mamparas* nas aulas (sendo a primeira vez que se nos comenta tal posibilidade como medida a adoptar entre as instrucións recibidas).
  - Solicítasenos realizar unha análise da conxuntura do noso centro sobre a necesidade ou non do desdoblamento que debíamos facer no nivel de 2º ESO así como a solicitude de 2 profesores/as realizada. Para isto debemos responder á mañá seguinte tendo como prazo final as 13:30h do venres 11 de setembro.

4. Tal día (11/9/20), xa en conversa telefónica coa nosa inspectora, confírmase nos:

- A NON concesión por parte das instancias superiores do persoal solicitado de 2 docentes por incremento dun grupo en 2º ESO (en base ao cal se tiña feito até ese momento o horario do centro). Isto fai que o a análise da situación que xustificaba tales solicitudes á administración non tivera ningunha validez xa que a súa negativa é innegociable.
- A necesidade de optar entre a instalación de *mamparas* nas aulas ou o ensino semipresencial no Bacharelato como únicas medidas de solución á organización do curso 2020/21 que a Consellería contempla.

Así mesmo, comunícase nos que o comezo do curso queda adiado até o 23 de setembro (aínda que sen aclararse, polo de agora, se haberá ou non un inicio gradual semellante ao anteriormente previsto).

Sendo venres 11 de setembro, o equipo directivo vese na prisa de convocar un claustro extraordinario (que preceptivamente non pode ser celebrado antes do martes 15/9/20) para refacer o reparto de grupos entre o profesorado e crear os horarios do novo curso. Dun mesmo xeito a dirección do centro asume a xestión da procura de orzamentos e instalacións das *mamparas*, para o cal debe ser recalculado, por 3ª vez, o distanciamento e ubicación preceptiva dos pupitres nas aulas.

A directiva do IES Beade considera pertinente expor os feitos tal e como se viviron no seo do noso centro coa única finalidade de facer un relato veraz, transparente e detallado das indicacións e os prazos recibidos desde a Consellería. Lembremos que os equipos directivos dos centros públicos (nin sequera o Servizo de Inspección Educativa) non teñen potestade para contratar profesorado (aínda que o consideren necesario para garantir un funcionamento minimamente eficiente da actividade lectiva); nin competencia ou capacidade decisoria autónoma para modificar e adaptar os espazos do edificio sen aprobación da administración.

Todo isto parécese de obrigada mención para deixar claro que o noso labor estivo en todo momento axustado á urxencia coa que a administración esixiu de nós o cumprimento de normativas en constante transformación e continuo aumento da súa restritividade.

Beade, 15 de setembro de 2020